



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADRÓN

Modificación presupuestaria aprobación do expediente de crédito extraordinario número 1/2024 para facer fronte as obrigas derivadas do proxecto: rehabilitación escola infantil de Padrón

EDICTO

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación Municipal de Padrón o crédito extraordinario 1/2014 por importe de 872.211,64 €, en sesión ordinaria celebrada o día 24 de xullo de 2024, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, queda exposto ao público na Secretaría deste Concello por prazo de quince días hábiles que comezarán a contar dende o seguinte á inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, durante o cal poderán os interesados formular as reclamacións que estimen pertinentes.

No caso de que transcorrido o prazo de información pública non se tivesen presentado reclamacións, o crédito extraordinario considerarase definitivamente aprobado. En caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

O que se fai público ós efectos previstos na citada lexislación.

Padrón, 24 de xullo de 2024

O Alcalde Asdo. Anxo Rei Arca.

2024/5355